



Concello de Cervo

CONVENIO DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCELLO DE CERVO

En Cervo a 20 de setembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, Mónica Rodríguez Santiago con NIF Z0310163J, en calidade de solicitante dunha axuda de emerxencia social e intervindo con facultades plenas para a sinatura do Convenio.

Doutra parte Dolores García Caramés, con D.N.I. nº 34.638.730 V, Alcaldesa - Presidenta do Excmo. Concello de Cervo, que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, intervén con capacidade plena para a sinatura do presente Convenio.

EXPOÑEN :

PRIMERO: Que o Concello de Cervo, no exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases do réxime local, está interesado en conceder unha subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a Mónica Rodríguez Santiago con NIF Z0310163J, co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola cobertura de necesidades básicas e alimentación.

SEGUNDO: Que Mónica Rodríguez Santiago con NIF Z0310163J, solicitou do Concello de Cervo unha axuda económica de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e alimentación.

En base ao anteriormente exposto, o Concello de Cervo e Mónica Rodríguez Santiago con NIF Z0310163J, asinan o presente convenio de axuda de emerxencia social coas seguintes **CLÁUSULAS:**

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social a Mónica Rodríguez Santiago con NIF Z0310163J, co fin de dar resposta urxente a unha necesidade básica puntual xerada pola cobertura de necesidades básicas e alimentación.

SEGUNDA: Que o **Excmo. Concello de Cervo** achegará, en concepto de subvención directa de carácter excepcional como axuda de emerxencia social, a cantidade de 600 € (200 € al mes durante 3 meses) con cargo á aplicación orzamentaria 231.48000 do



Concello de Cervo

orçamento do Concello de Cervo para o 2023, que é o prorrogado do 2022.

TERCEIRA: Visto o escrito por parte de Mónica Rodríguez Santiago con NIF Z0310163J, autorizando ao Concello de Cervo o pago da axuda a Rocío Fdez Insua, propietaria do supermercado "A Campanilla" sufragando así os gastos desta necesidade básica contraídos polo/a solicitante, considerase xustificada a subvención mediante a presentación de documentación orixinal acreditativa do gasto que cumpla cos requisitos establecidos no R.D. 1496/203 de 28 de novembro e demais normativa de aplicación, así como da xustificación expresa da aplicación da subvención á finalidade para a que foi concedida. Así mesmo o prazo de presentación da xustificación non poderá ser superior a 3 meses desde a data de sinatura do presente convenio e, en todo caso, ata a fin do exercicio orzamentario.

CUARTA: O pago da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de conformidade co establecido na cláusula terceira.

QUINTA: Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio.
- A falta de xustificación da subvención concedida.

SEXTA: Este convenio terá vixencia ata a completa execución e xustificación da axuda e, en todo caso, a súa vixencia non se estenderá máis alá do 31 de decembro do presente exercicio.


SEPTIMA: Comisión de seguimento.

De acordo co disposto no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público e ao obxecto de levar a cabo o seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio de colaboración, así como a resolución das cuestións que poideran suscitarse durante a súa vixencia en relación coa interpretación e o cumprimento do mesmo, crease unha Comisión de seguimento que estará integrada por catro membros, tres en representación do Concello de Cervo (a concelleira de asuntos sociais e a de facenda ou persoas en quen deleguen e a traballadora social responsable do expediente) e outra a propia solicitante da axuda de emerxencia social.

O funcionamento desta Comisión rexirase polas normas contidas nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas dúas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

A alcaldesa
M^a Dolores García Caramés



Mónica Rodríguez Santiago

Concello de Cervo

Plza. do Concello, s/n, Cervo. 27891 (Lugo). Tfno. 982557777. Fax: 982557729